

ct

Pasos de guerra

de
Esther Garboni

traducido por
Xoán Ramón Díaz

(fragmento en galego)

DRAMATIS PERSONAE

ANNA, ANNE ou ANA son os nomes con que a liberdade toma forma nesta humilde moza. Ela representa a valentía e a lealdade. A súa afouteza non se mostra tanto no seu aspecto físico, como na enerxía que transmite e nesa luz que, sen pretendelo, irradia como un faro iluminando un camiño incerto. Ela é a poesía.

Baixo os nomes de JAN, JOAN, JUAN ou IVÁN atopamos un mozo algo maior, que a acompaña sen equipaxe neste camiño. El representa o amor e a paz. É un garboso galán, pero a súa apostura non está na súa roupa ou nas súas posesións; senón na súa gallardía natural e na forma de afrontar as dificultades.

BRIGITTA, BRÍGIDA ou BRIGITTE son os nomes cos que se presenta ante nós o soño da maternidade. Ela é a nai de ANNA e a nai do mundo. É a voz do noso interior e leva nos seus brazos espidos ese abrazo que necesitamos e non pedimos.

VÍCTOR, pola contra, o neno militar, non é tanto o fillo do mundo, como a súa consecuencia natural e, do mesmo xeito que ÚRSULA, a muller rota que carga co peso da morte, encarna o horror da guerra.

CONTEXTO DRAMÁTICO

Calquera país, calquera guerra, calquera persoa en calquera fronteira... Un camiño, un paso fronteirizo, unha esperanza e un adeus.

PRIMEIRO ACTO

ESCENA I

Das fauces dunha mastodóntica e ruidosa fábrica, aproveitando a noite, pestilentes verteduras e refugallos avanzan por dúas longas cintas transportadoras que saen dos baixos dunha porta industrial cuberta por sucias cortinas de anchas tiras de plástico que desemboca nun vertedoiro interminable. Deste inmundo lugar, como o resto do lixo, é lanzada ANNA, nun longo e doloroso vómito. Sente ela, en cambio, a liberación de quen nace á vida, aínda que parta da luz do interior, cara á escuridade dunha noite esvaecida pola sombra dunha lúa entre as árbores. Dúas pesadas maletas sonlle lanzadas despois desde dentro. ANNA recolle as súas pertenzas e comeza a camiñar facendo, ao seu paso, mover unha das cintas transportadoras e sentindo que, á fin, tamén o mundo vira baixo os seus pés. A súa equipaxe, sen rodas, parece pesado, pero é nova e aínda ten forzas. O camiño non fixo máis que empezar.

O fragoroso compás da fábrica vai deixando sitio, conforme ANNA avanza, ao son dos grilos.

ANNA

(Cantando para escorrentar o medo.)

Baixa, lúa, baixa,
aluma o camiño,
guía os meus pasos,
ata o meu destino.
Baixa, lúa, baixa,
camiña comigo;
a noite está escura
teño medo e frío.
Pois se ti non baixas,
ao cruzar o río,
morderán os lobos
o meu corazón ferido.

De súpeto, escóitase o son intermitente de algo movéndose entre as matogueiras. Unha teipa? Un raposo? O campo ás escuras asusta... O ruído achégase. Un home? Nestes momentos, ningún animal lle daría máis medo que un home. ANNA detense alerta e, dando un paso atrás, tropeza cunhas pedras e escorrega, saíndose do carreiro.

ANNA

Quen anda aí?! Non se achegue! Levo unha arma!

Sae silandeiro e pacífico JAN de entre as matogueiras. É un mozo forte, alegre e lanzal, pero, a pesar de levar boa roupa, os seus pantalóns e os seus zapatos están manchados de barro, o seu pelo, longo e graxento, cae sobre a súa fronte e na súa barba obsérvase o paso dos días. JAN sorrí e os seus brancos dentes queren asinar un pacto de non agresión.

JAN

Chsss... Non fales tan forte, rapariga... Vas espertar os lobos.

ANNA

Quen es ti?! Non te achegues! Eh! Díxenche que apartes!

JAN

Está ben... Non te asustes. Tranquila... Non me achego, non me achego...

ANNA

(Incorporándose con dignidade, agarrando fortemente a súa equipaxe como quen suxeita con ansia o fío do que pende a súa vida.) Quen es?! Que queres?! Que fas aquí?!

JAN

Aínda non cheguei á fronteira e xa me van facer un interrogatorio?

ANNA

Déixame seguir o meu camiño e volve por onde chegaches! Aparta!

JAN ofrece, xentil, a súa man, que limpou con disimulo. A cortesía do seu xesto non concorda coa súa aparencia.

JAN

O meu nome é Jan.

ANNA

Paréceme moi ben.

JAN

Non me vas dicir como te chamas?

ANNA

Non che importa.

JAN

Quedan 95 quilómetros ata Bolter. Se imos facer xuntos este camiño, o primeiro que debemos facer é presentarnos. De onde es?

ANNA
Quen dixo que imos xuntos? Bolter? Que?

JAN
Imos ao mesmo sitio.

ANNA
Que sabes ti?

JAN
Levas dúas maletas e cara de fuxida.

ANNA
Non fuxo. Fuxir é de covardes.

JAN
Todos os que imos por este camiño facémolo, non debes avergoñarte.

ANNA
Non me avergoño.

JAN
Chámase instinto de supervivencia.

ANNA
(*Abríndose paso.*) Pois, se queres sobrevivir, aparta do meu camiño!

JAN
Ou que? Vas disparar?

ANNA
Non o dubides!

JAN
Non levas arma.

ANNA
Ti que sabes?

JAN
Deixa que a vexa.

ANNA
Se fas que a saque, será para dispararche. Aparta!

JAN
Non me dixeches como te chamas.

ANNA

Non necesitas o meu nome para nada.

JAN

Non vou delatarte.

ANNA

Eu a ti si como non me deixes paso!

JAN

Está ben, pase vostede.

ANNA

Grazas.

JAN

Non hai de que... (ANNA *afástase*) Pero eu que ti non seguiría andaaando!! (ANNA *vírase e JAN sinala o horizonte.*) Está a amencer...

ANNA

E que?!

JAN

Ti ves alguén por este camiño? Á luz do sol é máis fácil vernos e hai orde de cazar os fuxidos.

ANNA

Cres que non o sei? Pero eu non son unha alimaña para ter que esconderme da luz do día. E permíteme que te corrixa: hai orde de deter a quen se achegue á fronteira... sen pa-pe-is!

JAN

Levas visado? Tes salvoconduto para atravesar o valo?

ANNA

(*Orgullosa e altiva, porque pertence, por unha vez, á parte privilexiada deste conflito.*) Vanmo dar en Bolter.

JAN

E daquela, por que non vas en tren?

ANNA

Porque no tren hai revisores e policíaas que preguntan as mesmas babecadas ca ti. Ata que non teña o visado, estou baixo sospeita.

JAN

Moza con sorte. Un visado laboral?

ANNA

Si.

JAN

De que vas traballar?

ANNA

Son cociñeira. Pero a ti que che importa!

JAN

María, a cociñeira.

ANNA

Non me chamo María.

JAN

Mentres non teña outro nome co que chamarte, María será o teu nome.

ANNA

O que ti digas.

JAN

En serio, María, é mellor que non sigas ata que volva caer a noite. Se te collen sen papeis, vante deter.

ANNA

Seino... Seino... Seino... Que cres?

JAN

E podo asegurarche que non se está moi ben nas dependencias da policía fronteiriza.

ANNA

Figúroo.

JAN

E as mozas, menos.

ANNA

Detivéronte algunha vez?

JAN

Tres.

ANNA

Tres? E aínda non te dás por vencido?

JAN

(Abrindo a camisa e ensinándolle as cicatrices que deixaron no seu peito.) É o teu primeiro intento, non si?

ANNA arrepiase co que viu e comeza a sentirse insegura. Perdeu todo o ímpeto que a levou a escapar. O horizonte ameaza con perder o seu negro intenso e unha tenue liña de luz vai dilatándose lenta, coma o sangue sobre o liño. ANNA coñece o réxime da ferida – curou moitas chagas-, como coñece o horror da guerra e a falta de piedade dos inmisericordes. A luz tampouco se vai deter, pronto sairá o sol. O repentino canto dunha laverca estremécea coma un aviso.

ANNA

Onde pensas esconderte ti durante o día?

JAN

Detrás desas matogueiras puxen as miñas cousas. E ti deberías facer o mesmo. *(Saca do seu peto unhas noces peladas e améndoas doces.)* Queres?

Facéndose á idea de seguir o consello, ANNA senta sobre unha das maletas para non manchar a roupa. Acábana de frear coma un tren en marcha e, con ela, descarrilou toda unha planificación de meses.

ANNA

Teño a miña propia comida, grazas.

JAN

Non terás leite condensado?

ANNA

Teño.

JAN

E logo... Ehem! Non me ofreces?

ANNA

Non.

JAN

Teño chacina...

ANNA

Eu tamén.

JAN

E xamón...

ANNA

Non vou negociar contigo.

JAN

Necesito azucre.

ANNA

Por que? Seica es diabético?

JAN

Vaia...

ANNA

Como papá... *(Dise mentres saca discretamente da súa equipaxe un tubo de leite condensado, intacto aínda, coma un tesouro branco e doce.)* Toma. Non o tomes enteiro.

JAN

Grazas!

ANNA

De nada e adeus. Non podo determe! Non podo esperar a que caia de novo a noite! Perdería moito tempo! Espéranme en Bolter. Espéranme en Bolter o día trinta. E a ti... É que ti... Non pensaches que, quizais, por travesío sería máis seguro?

JAN

(Mirando con aire de suficiencia os zapatos acharoados e a indumentaria de esforzada clase media da moza.) Vestida como unha señorita distinguida é posible que pases a fronteira con maior facilidade, pero ese monte non o atravesas ti con eses tacóns e sen romper as medias, que bonitas!, son de seda?, coas silvas.

ANNA

Quitareinas! *(Mira os pés. Unha persoa distínguese polo seu pelo e polos seus zapatos e ela sábeo.)* Non teño outros..., pero estes apenas teñen tacón. Son cómodos. E tan bonitos... Son de baile, sabes?, malia que aínda non tiven ocasión de ir a ningunha festa con eles.

JAN

Para chegar a Bolter, atravesando o monte, calculo que se poden tardar seis, sete, quizais oito días a paso lixeiro. Hai que dar un rodeo a esa ladeira e é escarpada. Imposible con maletas... E menos con esas! Que levas aí dentro?

ANNA

Pregunteiche eu o que levas ti?

JAN

Eu só levo unhas alforxas con comida e unha manta.

ANNA
Nada máis?

JAN
É o que necesito. A mellor equipaxe é diñeiro e contactos. Que levas ti que non poidas deixar atrás?

ANNA
Roupa.

JAN
Dúas maletas con roupa vas necesitar?

ANNA
Verán e inverno. No norte vai frío. Levo tamén unha manta, un caldeiro... e argalladas que ti non tes por que saber.

JAN
A que levas culleres de prata?

ANNA
Non.

JAN
Un candelabro de bronce? Algo de ouro?

ANNA
Non.

JAN
Xoias?

ANNA
A única xoia que teño é esta medalla da miña avoa e lévoa sempre posta. Así que, se es un ladrón de camiños, podes mirar para outro lado, que eu pouco teño que ofrecerche máis que isto e leite condensado.

JAN
Leite é xusto o que necesito! (*Facendo ademán de collerlle as maletas.*) Por que pesa tanto entón a túa equipaxe?

ANNA
Non pesa. É que estou cansa. (*JAN arrebatálle unha das maletas.*) Eh, ti! Solta! (*JAN xogando.*) Devólvema! Trae aquí!

JAN
Eu diría que pesa trece quilos. Se todo é leite condensado, poderás vendelo no mercado negro.

ANNA

Que ma deas! (*Ábrese, de súpeto, a maleta e roda o seu contido, ante o asombro de JAN.*)

JAN

Papeis?!

ANNA

(*Gardando rapidamente de novo os documentos e sentíndose espida.*) Es un insolente!

JAN

Como che abran a maleta na aduana, van facer que traduzas, unha a unha, toda esa papelexada. Algún documento comprometedor?

ANNA

Por que te comportas así? Isto non é un xogo!

JAN

Claro que non é un xogo! Algúns arriscamos a vida. Ti non... Ti non tes que saltar o valo, ti tes un visado... O paso está aberto para ti. Tes traballo de cociñeira... E unha chea de papeis que seguro comprometen e abren portas. Conta.. Es talvez unha espía? Informante? Que pon neses cadernos?

Escóitase o ruído dun vehículo de motor. ANNA e JAN saltan con preza e escóndense entre as matogueiras mentres se vai facendo inevitablemente de día.